

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA
E O INSTITUTO GALEGO DE ANÁLISE E DOCUMENTACIÓN INTERNACIONAL (IGADI)
PARA CONECTAR Á DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA COA ACCIÓN EXTERIOR DE GALICIA**

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE POR:

Pode verificar a integridade deste documento
no enderezo: <https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación (CSV): LZS956LPMFO8AL9B



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O INSTITUTO GALEGO DE ANÁLISE E DOCUMENTACIÓN INTERNACIONAL (IGADI) PARA CONECTAR Á DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA COA ACCIÓN EXTERIOR DE GALICIA

No Pazo Provincial, na data da sinatura electrónica

INTERVEÑEN

Dunha parte, María del Carmen Silva Rego, na súa condición de presidenta da Deputación Provincial de Pontevedra, actuando en virtude das competencias que se lle atribúen no artigo 34 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e no artigo 105 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia.

Da outra, D. Daniel González Palau, na súa condición de Director do Instituto Galego de Análise e Documentación Internacional (en adiante IGADI) e en nome e representación da entidade, con CIF nº G36741049, con sede na cidade de Pontevedra, Centro Cívico SUR, rúa Luís Braille nº 40, CP 36003, no uso das atribucións que lle confire o artigo 23 dos seus Estatutos.

E Carlos Cuadrado Romay, actuando en calidade de secretario xeral da Deputación Provincial de Pontevedra, dando fe do acto que se celebra.

Ambas as dúas partes recoñécense con capacidade para a formalización deste convenio en base aos principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións das administracións públicas; e para estes efectos, de común acordo,

EXPOÑEN

I. Os convenios das administracións públicas constitúen o instrumento adecuado para desenvolver a súa cooperación en cuestións de interese común, tal e como se establecen nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público; no artigo 57 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e nos artigos 198 e seguintes da Lei 5/97, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia.



II.- O artigo 25.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, dispón que o Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos neste artigo.

III. Pola súa parte, no artigo 36.1.d da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, se lle atribúe ás deputacións competencias no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación do territorio.

IV. Que o Instituto Galego de Análise e Documentación Internacional, IGADI (www.igadi.org) é unha entidade independente de partidos, empresas ou institucións, que dende a súa fundación en 1991, naceu para construír un *think tank* de relacións internacionais. Nos seus 30 anos de historia, o IGADI tivo un importante papel no desenvolvemento da acción exterior oficial galega. Cómpre destacar:

- Durante os anos 90 promoveu a reflexión sobre a paradiplomacia galega e a cooperación internacional municipalista galega, constituíndo xunto a 10 concellos e a Fegamp, o Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade. Actualmente, o Fondo Galego conta con 100 municipios socios e as Deputacións de A Coruña, Pontevedra e Ferrol.
- O IGADI elaborou o primeiro Libro Branco da Acción Exterior de Galicia no ano 2003 durante a Presidencia de Manuel Fraga.
- No ano 2008 o IGADI creou o proxecto OGALUS (Observatorio Galego da Lusofonía) prestando unha atención permanente ao espazo internacional da lusofonía. No ano 2019 organizou o III Congreso de Estudos Internacionais "Galicia e a Lusofonía diante dos desafíos globais" na Facultade de Ciencias sociais e da Comunicación do Campus de Pontevedra da Universidade de Vigo.
- O IGADI forma parte como entidade experta do consello Galego de Acción Exterior da Xunta de Galicia dende a súa creación en 2010.
- Na Estratexia Galega de Acción Exterior impulsada pola Xunta de Galicia e en funcionamento dende o 1 de marzo de 2018, cítase textualmente ao IGADI como un actor chave para a acción exterior de Galicia en Asia e China.



- O IGADI elaborou durante o último mandato municipal 2015-2019 os estudos de Bases de Acción Exterior dos concellos de Santiago de Compostela, A Coruña e Pontevedra. O 21 de marzo de 2019 o Pleno da Coruña aprobou por unanimidade de todos os grupos a declaración institucional “A Coruña no mundo global do S.XXI” en apoio ao documento.

V. Que a provincia de Pontevedra limita có país luso e conta cunha gran tradición e intereses en común. A relación de proximidade entre Galicia e o país lusófono permítelle ao galego conseguir unha vantaxe competitiva nos ámbitos como a cultura ou a economía. Por iso, ese vínculo da comunidade galega coa lusofonía permite reforzar a proxección internacional do galego. A importancia dunha acción exterior da Deputación de Pontevedra, especialmente respecto ao norte de Portugal, consensuada e planificada entre todos os actores implicados é un elemento chave para a recuperación económica e para a proxección exterior da provincia. A Estratexia de Acción Exterior permitirá á provincia medrar no ámbito económico, compensar no demográfico e proxectarse no cultural para garantir que o novo modelo social provincial se adapte ao novo panorama internacional.

VI. Este convenio procura incidir de maneira directa na conectividade da Deputación coa acción exterior de Galicia e de maneira particular nas relacións de Galicia e Pontevedra cos territorios intercontinentais de lingua oficial portuguesa no marco da acción exterior española. Todo isto enmárcase no novidoso contexto institucional e normativo actual, coa publicación no Diario Oficial de Galicia, en marzo de 2021, la Lei de Acción Exterior e Cooperación ao Desenvolvemento de Galicia, así como na Comunidade de Países de Lingua Portuguesa como observador asociado no verán de 2021. Así mesmo, este convenio contextualízase tamén na misión estatutaria do IGADI de promover o desenvolvemento da acción exterior de Galicia, así coma no seu traballo histórico acumulado de tres décadas en relación aos estudos internacionais e de maneira particular no seu traballo arredor das relacións con Portugal e a lusofonía, mediado polo seu Observatorio Galego de Lusofonía. Cómpre significar que que o IGADI é unha entidade experta de estudos internacionais no Consello de Acción Exterior da Xunta de Galicia (CAEX).



VII. O obxectivo xeral deste convenio é o de mellorar a proxección internacional da Deputación de Pontevedra reforzando a acción exterior de Galicia. Por detrás deste obxectivo xeral, identifícanse dous obxectivos específicos, que poderán ser avaliados ao final do proxecto por medio de indicadores e fontes de verificación específicas:

- OE1: Conectar á Deputación de Pontevedra coa acción exterior de Galicia
- OE2: Conectar á Deputación de Pontevedra coa lusofonía.

Neste marco de colaboración, encádrase a proposta deste convenio entre a Deputación de Pontevedra e o IGADI. Polo cal,

ACORDAN:

Primeiro. Obxecto da colaboración

O obxecto deste convenio é artellar as bases de colaboración entre a Deputación e o IGADI para conectar á Deputación de Pontevedra coa acción exterior de Galicia. A incorporación de España como observador asociado á organización internacional da lingua portuguesa leva asociado un plan de acción, onde a Deputación poderá xogar un rol específico en base as súas singularidades.

Este convenio ofrece a posibilidade de avanzar nunha visión compacta da Deputación de Pontevedra como axente da acción exterior galega e española, acentuando as posibilidades da lusofonía para multiplicar e soste os impactos da futura acción exterior de Galicia.

Segunda. Metodoloxía: Obxectivos, resultados, actividades e cronograma.

Realizaranse actividades en base a dous obxectivos:

1. OE 1: CONECTAR Á DEPUTACIÓN COA ACCIÓN EXTERIOR DE GALICIA.

En Galicia son moitas as ferramentas de acción exterior normalizadas no día a día das administracións locais, sen embargo, moitas destas accións fican en exercicios ocasionais, actividades puntuais que non implican unha verdadeira visión estratéxica cara a internacionalización do territorio e do modelo-imaxe-marca-cidade a exportar, desaproveitando así as súas potencialidades e boas intencións.



Neste senso é de particular interese para a acción internacional da Deputación de Pontevedra e do conxunto das administracións públicas galegas, destacar o marco xurídico que consolida a Lei de Acción Exterior e de Cooperación ao Desenvolvemento de Galicia do 9 de marzo de 2021.

- **Resultado 1:** Para isto realizárase o **estudo “A Deputación de Pontevedra e a Acción Exterior de Galicia: Diagnose e Boas Prácticas”**, o cal servirá de informe cero ou liña de base para coñecer as liñas tradicionais e actuais da Deputación en materia de acción exterior, así como as potencialidades da mesma nas súas relacións coa Xunta de Galicia e o Estado.

Por medio da recollida de datos alleos e a construción de fontes propias, así como coa revisión das boas prácticas e bibliografía da acción exterior en Galicia, a Unión Europea e a lusofonía, realizárase un estudo que contextualice as fortalezas, oportunidades, debilidades e ameazas para a Deputación no novo contexto institucional da acción exterior española e galega. O informe atenderá de maneira particular ás posibilidades da Deputación no marco da recente incorporación de España na Comunidade de Países de Lingua Portuguesa coma observador asociado e incorporará tamén unha *Guía de Boas Prácticas* para os concellos da provincia, no contexto da Lei 9/2021 de Acción Exterior de Galicia, que recoñece aos concellos e as Deputacións como axentes públicos da acción exterior galega.

As actividades propostas para a definición do estudo son:

- Análise documental e xurídica da acción exterior da Deputación de Pontevedra.
- Realización de entrevistas a representantes políticos e técnicos da Deputación.
- Elaboración dunha *Guía de Boas Prácticas* para os municipios da provincia
- Redacción do estudo.

Cronograma: setembro - decembro 2022

Comunicación: nota de prensa, presentación pública do Informe e visibilización do proceso en redes sociais.



Indicadores e Fontes de verificación:

-Cando menos realizárase unha diagnose das actividades e programas de alcance internacional, apoiadas ou impulsadas polas distintas áreas da Deputación de Pontevedra.

-Identificación dun mínimo de 3 estratexias de acción exterior subestatal no marco europeo para comparalos coa acción exterior da Deputación de Pontevedra e inspirar potenciais futuros.

-Definición dun mínimo de 3 liñas de colaboración específicas en materia de acción exterior coa Xunta de Galicia, no marco do novo contexto xurídico.

- Resultado 2: Visibilización do estudo **"A Deputación de Pontevedra e a Acción Exterior de Galicia"**.

Unha vez que o estudo sexa contrastado coa Deputación, o mesmo presentárase por medio dunha actividade presencial, de libre acceso e retransmitido en directo pola canle de youtube do IGADI, onde se expoñerán as principais conclusións do mesmo.

As actividades para a visibilización do estudo son:

- Visibilización do proceso de elaboración do estudo nas redes sociais do IGADI.
- Produción e execución do evento de presentación do documento.

Cronograma: decembro 2022

Comunicación: nota de prensa, presentación pública do Informe e visibilización do proceso en redes sociais.

Indicadores e Fontes de verificación

-Número de persoas participantes directa e indirectamente na presentación do documento.

-Número de impresións dos contidos asociados ao proxecto en redes sociais.

2. OE 2: CONECTAR Á DEPUTACIÓN COA LUSOFONÍA.

A pandemia da covid-19 retrasou a incorporación de España como observador asociado á organización internacional da lingua portuguesa ate o verán do ano 2021, onde a mesma



oficializouse. A incorporación do Estado español como observador asociado naceu da proposta da Xunta de Galicia ao Ministerio de Exteriores, tralo acordo do Parlamento galego en outubro de 2018 en base á Lei Paz Andrade, de solicitar o ingreso de Galicia na CPLP.

A entrada de España leva asociada un plan de acción, onde a Deputación e o resto de actores de acción exterior de Galicia, poderán xogar un rol específico en base a súas singularidades, recoñecidas explicitamente polo Ministerio de Exteriores na nota de prensa pública que visibilizou a adhesión de España á CPLP.

Para a consecución deste obxectivo defínese o seguinte resultado e actividades:

▪ **Resultado 1: Realización das Xornadas “A Lusofonía en Galicia no S.XXI”**

Anteriormente á presentación do informe “*A Deputación de Pontevedra e a Acción Exterior de Galicia: Diagnose e boas prácticas*” realizaranse as xornadas “A Lusofonía en Galicia no S.XXI” que se realizarán durante a primeira semana do mes de novembro de 2022, e unha gala especial nunha data entre finais de novembro e inicios de decembro.

As Xornadas desenvolveranse nunha primeira fase os días 3 e 4 de novembro, combinando conferencias maxistras, que fundamenten a participación de Galicia e España no ámbito global da lusofonía (día 3, Casa das Campás) e un obradoiro de traballo (día 4 no local do IGADI). O formato híbrido das xornadas aspira a promover fórmulas de visibilización da proxección internacional da provincia de Pontevedra, como a xerar dinámicas de entendemento e fundamentación teórica que promovan escenarios operativos para desenvolver a Lei Paz Andrade e a participación de Galicia na CPLP, no marco da entrada de España como observador asociada á mesma.

Realizarase un Informe previo así coma un Informe final do desenvolvemento das Xornadas.

Antes do 15 de outubro presentarase unha páxina web co programa completo das mesmas así coma documentación informativa (informe previo)

As actividades a desenvolver para a realización das Xornadas son:

- Organización do programa, informe previo e produción loxística das Xornadas.
- Presentación e campaña pública de difusión das Xornadas.
- Realización das Xornadas presenciais, retransmisión en vivo e informe final.

Cronograma: novembro-dicembro 2022

Comunicación: Notas de prensa de presentación, durante e final das Xornadas, así como visibilización pública das mesmas.

Indicadores e Fontes de verificación:

- Número de aparicións das Xornadas en medios de comunicación galegos e internacionais.
- Número de persoas participantes directa e indirectamente nas Xornadas.
- Número de impresións dos contidos asociados ao proxecto en redes sociais.

Terceira.- Equipo de traballo

Neste convenio terase en conta o establecido no apartado 29.7 d) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, que establece: "En ningún caso poderá concertarse polo beneficiario a execución total ou parcial das actividades subvencionadas con persoas ou entidades vinculadas có beneficiario, salvo que concorran as seguintes circunstancias: 1ª Que se obteña a previa autorización expresa do órgano concedente; 2ª Que o importe subvencionable non exceda do custe incorrido pola entidade vinculada. A acreditación do custe realizarase na xustificación nos mesmos termos establecidos para a acreditación dos gastos do beneficiario".

A tal efecto, o IGADI contratará como persoal propio a Daniel González Palau, actual Director da entidade na súa Xunta Directiva, como técnico do proxecto, dada a súa cualificación profesional nos ámbitos que atinxen directamente ao proxecto, como así foi refrendado na Asemblea Xeral da asociación do 26 de marzo de 2022.

Cuarta. Orzamento

As actividades programadas que o IGADI e a Deputación levarán a cabo teñen un orzamento total de **15.000 €** (quinze mil euros) sen considerar o IVE, definidas no ANEXO I.

COMPROMISOS DA DEPUTACIÓN

Quinta. Financiamento

A Deputación de Pontevedra contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula sexta, cunha achega máxima de 13.780,00 €, o que representa unha porcentaxe de

91,87%. Tendo en conta que o resto do importe ate complementar o orzamento, correspóndese có IVE que na investigación aplicada ten carácter deducible ao 100%. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total establecido na cláusula sexta, a Deputación só achegará o importe da cantidade efectivamente xustificada.

O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 22/942.9431.489.01 "Convenios con entidades sen ánimo de lucro (IGADI)", na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

As achegas realizadas para a realización destas actividades son compatibles coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que as entidades signatarias obteñan para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

O IGADI contribuirá ao financiamento das actividades cunha achega máxima de 1.220 €, o que representa unha porcentaxe do 8,13% do orzamento subvencionable, máis o IVE correspondente á totalidade do proxecto.

Sexta. Pagamento e xustificación

A Deputación comprométese a librar os fondos establecidos na cláusula quinta da seguinte forma e nos seguintes prazos:

- 50% do orzamento (6.890,00 €) tras a sinatura do presente convenio de colaboración e previa solicitude do IGADI.
- 50% restante (6.890,00 €) seralle transferido ó IGADI despois da presentación da seguinte documentación:



- Memoria da actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas no convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
 - Facturas ou copias de facturas cotexadas ou dos documentos análogos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo ou os documentos xustificativos pertinentes.
 - Conta xustificativa que relacione os gastos da actividade subvencionada.
 - Certificación de gastos polo órgano competente que conteña unha relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e se é o caso, datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado no Anexo I non podendo ser estas superiores ao 10% do consignado para ese concepto de gasto no orzamento.
 - Certificación da aprobación das facturas e demais documentación xustificativa polo órgano competente.
 - Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e sociais.
 - Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas/concedidas para a mesma finalidade.
 - Proba do cumprimento das obrigas asumidas, mediante achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.
- O aboamento da achega provincial materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo IGADI.

Sétima. Fiscalización

Prestar a colaboración e facilitar tanta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas que lle corresponden ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas, en cumprimento do disposto no artigo 53 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

COMPROMISOS DO IGADI

Oitava. Contratación e execución

Correspóndelle ao IGADI o outorgamento dos contratos de subministro, servizos e asistencia para a completa realización das actividades programadas.

No procedemento de contratación, o IGADI axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

Novena. Publicidade do financiamento provincial

O IGADI fará constar de forma expresa o patrocinio da Deputación nos documentos e informes que se redacten, nas entrevistas e encontros que se celebren e nas publicacións divulgativas que se deriven das mesmas, así como na publicidade que con tal motivo se faga.

Coa conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da entidade beneficiaria.

Décima. Termo para a realización da actividade, xustificación e pagamento

As actividades que son obxecto de financiamento provincial realizaranse dende a data da sinatura deste convenio e terán como prazo máximo de duración ate o 31/12/2022.

Unha vez rematadas as actividades, o IGADI deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta no prazo máximo de quince días contado a partir da finalización daquelas.

De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de Subvencións (Real Decreto 887/2006, do 2121 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ó IGADI para que a presente no prazo improrrogable de quince días. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ó IGADI da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e nas Bases de Execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo IGADI na documentación achegada. E se tivesen transcorridos máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivese cobrado o importe que lle corresponda, o IGADI terá dereito ao aboamento dos xuros de mora,



ao tipo de xuro legal, devindicados desde a finalización do prazo de catro meses ate o momento no que se faga efectivo o pagamento.

Undécima. Obriga de pagamento dos gastos do proxecto dentro do prazo de execución

Os gastos nos que incorra o IGADI en relación co desenvolvemento do convenio e que sexan cofinanciados con cargo ao mesmo, deberán estar pagados dentro do prazo de execución do convenio, e en todo caso, no prazo máximo de 1 mes desde que se reciba o último pagamento de fondos transferidos pola Deputación de Pontevedra.

Duodécima. Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa seguridade social

O IGADI deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pagamento da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social. E para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa deputación provincial será realizada de oficio pola Deputación.

Decimo terceira. Destino e manexo dos fondos recibidos

O IGADI destinará os fondos recibidos ao pagamento dos gastos que se acheguen coa xustificación do gasto presentada.

Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pagamento e da identidade do perceptor.

Para gastos de importe superior a 900,00 € deben utilizarse formas de pago a terceiros que poidan acreditarse mediante un documento expedido por unha entidade financeira, no que quede identificado o beneficiario, o importe e a data de pago.



Décima cuarta. Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo

Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de Subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, o IGADI poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do consello de Contas de Galicia, o IGADI queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

Décimo quinta. Reintegro, infraccións e sancións

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá levar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devindiquen desde o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación, de conformidade co disposto na Bases de Execución do Orzamento da Deputación, seguirase o disposto nos artigos 36 a 43 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 a 101 seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o devandito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas.

Décimo sexta. Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida

1. En aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, deberáselle de dar publicidade á subvención outorgada neste convenio, nos termos e condicións establecidos na dita lei. Por outra banda, consonte co disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, remitirase a Base de Datos Nacional de Subvencións a información correspondente á achega económica outorgada, nos termos establecidos na citada norma.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención ó IGADI será publicada no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e na páxina Web da Deputación (<http://www.depo.gal/>).

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

Décimo sétima. Vixencia do convenio, prórroga ou modificación

1. O presente convenio de colaboración producirá efectos desde a súa sinatura e conservará a súa vixencia ate o 31/12/2022.

2. Logo da solicitude previa do IGADI, realizada polo menos un mes antes da data indicada anteriormente, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes tomado antes de que expire a súa vixencia inicial e logo dos informes previos preceptivos da unidade xestora, da Secretaría e da Intervención da Deputación. A duración do prazo da prórroga non poderá exceder de 2 meses desde a data de finalización.



3. Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e despois dos mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

Décimo oitava. Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, Xeral de subvencións; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; a Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra e as Bases de Execución do orzamento da Deputación de Pontevedra. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle á Presidencia da Deputación, logo dos informes previos preceptivos da unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Décimo novena. Comisión de Seguimento e control

Para o seguimento e coordinación da execución deste convenio e resolución das dúbidas que poidan producirse na súa interpretación crearase unha comisión integrada por dous representantes de cada unha das entidades asinantes, un dos cales terá carácter técnico. Por parte da Deputación, será D. Uxío Benítez Fernández, o Deputado da Área de Mobilidade Alternativa e Espazos Públicos, Cooperación Transfronteiriza e AECT Rio Miño e o técnico que designe. Pola parte do IGADI, será D. Daniel González Palau, Director do Instituto Galego de análise e Documentación Internacional e o técnico que designe.

As súas funcións, entre outras, serán as seguintes:



- A puntual recepción de información sobre todas as actuacións que se produzan na execución dos contratos a que este convenio se refire.
- A coordinación entre as partes asinantes na execución e financiamento do convenio, ditando ao efecto as instrucións oportunas.
- A emisión de informe en relación coa necesidade do axuste das anualidades do convenio e en relación con cantas incidencias se produzan na execución dos contratos a que este se refire.
- Impulsar e avaliar o cumprimento do presente convenio, propoñendo as actuacións que se consideren precisas.
- Propoñer a interpretación, en caso de dúbida, do seu contido.
- En caso de que xurdiran controversias na aplicación do convenio, propoñer ás partes a resolución das mesmas.
- A resolución das dúbidas que presente a interpretación do convenio e, no seu caso, a emisión de informe se a dúbida ten que ser resolta polos órganos de goberno das entidades asinantes.
- A formulación das propostas que procedan en relación ás cuestións a que os seus informes se refiran.

A Comisión de Seguimento reunirse cando o estime conveniente o seu responsable, por decisión propia ou a petición de calquera dos seus membros. As súas reunións terán lugar no Pazo Provincial de Pontevedra. Na reunión constituínte da Comisión de Seguimento designarase ao responsable da mesma e ao seu secretario que levantará acta das súas reunións.

Vixésima. Resolución

O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

Serán causas de resolución:

1º.- O transcurso do prazo máximo de vixencia do convenio.

2º.- O acordo unánime dos asinantes.

3º.- O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes. Neste caso, notificarase á parte incumplidora un requirimento para que, no prazo que se sinala, cumpra coas obrigas ou compromisos que se consideran incumplidos. Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistira o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará á outra parte a concorrencia de causa de resolución e entenderase resolta o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá dar lugar a indemnización dos danos e perdas causados.



4º.- Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.

5º.- Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

E para que conste, para os efectos oportunos e en proba de conformidade, as partes asinan este protocolo de colaboración por duplicado e a un só efecto, na data e lugar sinalados na cabeceira.

A Presidenta da Deputación de Pontevedra

Director do Instituto Galego de Análise Internacional

Asdo.: M^a Carmen Silva Rego

Asdo.: Daniel González Palau

O Secretario Xeral da Deputación de Pontevedra

Asdo.: Carlos Cuadrado Romay



**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA
E O INSTITUTO GALEGO DE ANÁLISE E DOCUMENTACIÓN INTERNACIONAL (IGADI)
PARA CONECTAR Á DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA COA ACCIÓN EXTERIOR DE GALICIA**

ANEXO I

PREVISIÓN DE GASTOS	%IVE	Custe subvencionable
CUSTOS DE EXECUCIÓN (A). (material funxible, inventariable, viaxes e dietas, etc.)	10 %	Manutención (aloxamentos e comidas): 1000 €
	varios	Desprazamentos : 500 €
	21 %	Materiais xornadas (Programas, escenografía xornadas, plotter...): 1.200 €
PAGOS A PERSOAL (B) (Pagos a persoal colaborador, contratacións externas...)		Imputación ao 75% da nómina do director do IGADI, durante a execución do convenio, pola xestión do mesmo, organización das xornadas e realización do estudo "A Deputación de Pontevedra e a Acción Exterior de Galicia": 6.000 €
	21%	Contratación maquetación do estudo "A Deputación de Pontevedra e a Acción Exterior de Galicia": 500 €
	21%	Contratación deseño web, deseño gráfico e materiais das Xornadas "A lusofonía en Galicia no S.XXI": 1.000€
	21%	Pagos a profesionais para a realización das Xornadas "A lusofonía en Galicia no século XXI": 2.500 € 3 especialistas en paradiplomacia 150 € = 450 € 2 presentadores xornadas 1.000 € 1 guionista: 350 € Actuación musical: 400 € Espectáculo teatral: 300 €
	21%	Contratacións de publicidade: 1.800 (250 € Redes sociais IGADI, 1.550 € medios locais)



CUSTOS INDIRECTOS	21%	Gastos de Xestoría, servizos de internet e telefono (Imputación ao 50% durante o desenvolvemento do convenio): 500 €
TOTAL PREVISIÓN DE GASTOS (sen IVE)		15.000,00 €

Xustificación da previsión de gastos:

En relación aos custes de persoal da entidade, se indica de maneira orientativa o número de horas das distintas fases do proceso de execución do proxecto para a consecución dos resultados previstos:

*Tarefas de impulso, administración e xustificación do convenio, 150 h.

R1.1. Realizado o estudo "A Deputación de Pontevedra e a Acción Exterior de Galicia: Diagnose e Boas prácticas".

Revisión documental (100 horas)

Xestión e realización de entrevistas (50 horas)

Elaboración do documento (150 horas)

R1.2. Visibilizado o estudo A Deputación de Pontevedra e a Acción Exterior de Galicia".

Visibilización do convenio en Redes sociais (10 horas)

Organización, presentación e retransmisión en liña (20 horas)

R1. Realizadas as Xornadas "A Lusofonía en Galicia".

Elaboración informe previo e posterior (150 horas)

Organización programa (60 horas)

Organización loxística (60 horas)

Organización comunicación (60 horas)

Visibilización en redes sociais (10 horas)

Execución Xornadas (20 horas)



ANEXO II.

XUSTIFICACIÓN DA NECESIDADE DE ADIANTO

Na cláusula sexta deste convenio "Pagamento e xustificación", establécese que a Deputación de Pontevedra pagará o 50% do orzamento tras a sinatura do presente convenio de colaboración, e previa solicitude do IGADI.

Este pagamento xustifícase ante a necesidade de dispoñer de fondos para levar a cabo as actividades e os pagos derivados das accións descritas no convenio.

